

**RESUMO PROGRAMACIÓN**

**DEPTO. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

**CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA (MENDE)**

**CURSO 2021/2022**



**Beatriz Lobelle Míguez**

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	3
METODOLOXÍA DO ENSINO A DISTANCIA.....	3
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º E.S.O.....	4
TEMPORALIZACIÓN-BIOXEO-1º.....	4
MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA-BIOXEO-1º.....	4
AVALIACIÓN-SISTEMA DE CUALIFICACIÓN-BIOXEO-1º.....	7
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º E.S.O.....	10
TEMPORALIZACIÓN-BIOXEO-3º.....	10
MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA-BIOXEO-3º.....	10
AVALIACIÓN-SISTEMA DE CUALIFICACIÓN-BIOXEO-3º.....	13
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º E.S.O.....	16
TEMPORALIZACIÓN-BIOXEO-4º.....	16
MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA-BIOXEO-4º.....	16
AVALIACIÓN-SISTEMA DE CUALIFICACIÓN-BIOXEO-4º.....	19
PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES 1º E.S.O.....	22
TEMPORALIZACIÓN-PEVS-1º.....	22
MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA-PEVS-1º.....	22
AVALIACIÓN-SISTEMA DE CUALIFICACIÓN-PEVS-1º.....	23
PAISAXE E SUSTENTABILIDADE 2º E.S.O.....	24
TEMPORALIZACIÓN-PeS-2º.....	24
MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA-PeS-2º.....	24
AVALIACIÓN-SISTEMA DE CUALIFICACIÓN-PeS-2º.....	26

## INTRODUCCIÓN

O presente documento e unha versión resumida da programación do departamento de Bioloxía e Xeoloxía para o curso 2021/2022 no CPI de Mende. A versión completa está a disposición pública no centro.

Como ferramenta de traballo que é, esta programación pode adaptarse durante o desenvolvemento do curso para achegala dunha maneira mais eficaz á realidade da aula.

De cada curso aparecen recollidos a temporalización, os mínimos esixidos para superar a materia e o sistema de avaliación-cualificación.

## METODOLOXÍA DO ENSINO A DISTANCIA

As dúas ferramentas principais para o ensino a distancia serán as proporcionadas pola Administración, é dicir, o entorno virtual de aprendizaxe (EVA) Edixgal para primeiro de ESO e Aula Virtual para o resto de cursos, así como a plataforma Cisco Webex Meetings.

En caso de cuarentena ou confinamento individual ou dun subgrupo da aula o alumnado deberá seguir as indicacións que se colgarán na aula virtual.

En caso de cuarentena ou confinamento realizaranse videoconferencias periódicas nas que se explicará materia e se resolverán dúbidas ademais de colgar todo o materia necesario no EVA ou na aula virtual.

O EVA para primeiro e a aula virtual para o resto de cursos estarán operativas desde o inicio de curso, independentemente de que haxa presencialidade ou non. Nelas iranse colgando as instrucións e material que se considere oportuno por unidades didácticas. Os informes ou traballos deberán presentarse obrigatoriamente en PDF ou no formato solicitado en cada caso no apartado habilitado para cada un deles independentemente da presencialidade cando así se requira. No caso de que haxa que facer probas de avaliación nesta situación realizaranse “probas escritas” a través do mesmo medio. Pedirase a cada familia que aporte un correo electrónico “gmail” para poder aproveitar outras ferramentas dixitais.

## MECANISMOS PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO

As aulas virtuais estarán operativas desde o inicio de curso, independentemente da presencialidade, de xeito que servirá como guía para o curso. **En caso de interrupción abrupta da presencialidade, os alumnos estarán emprazados desde o primeiro día a consultar as novas en dita aula virtual.**

## **MODO DE PROVEER DO DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA.**

No caso de que algún alumno/a no puidera seguir a ensinanza telemática, faríasele chegar desde a través da dirección do centro, o material e/ou instrucións oportunas para que puidera seguir dalgunha maneira as ensinanzas impartidas.

## **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º E.S.O.**

### **TEMPORALIZACIÓN-BIOXEO-1º**

Os contidos relacionados co Bloque 1 (Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía Científica) e o Bloque 5 (Proxecto de investigación) traballaranse ao longo do curso en diversas unidades didácticas.

Os contidos relacionados cos Bloques 2 (A Terra no Universo), 3 (A biodiversidade no planeta Terra) e 4 (Os ecosistemas), estrutúranse en torno ás seguintes unidades didácticas:

#### 1ª Avaliación:

1. O Universo e o Sistema Solar
2. A Terra.
3. A xeosfera.
4. A atmosfera.

#### 2ª Avaliación:

5. A hidrosfera.
6. Os seres vivos.
7. Os animais.

#### 3ª Avaliación:

8. As plantas.
9. Os ecosistemas.

### **MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA-BIOXEO-1º**

#### Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica.

Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.

- Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.
- Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.
- Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.

Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.

- Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.
- Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.
- Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.

## Bloque 2. A Terra no Universo.

- Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.
- Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.
- Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.
- Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.
- Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.
- Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.
- Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.
- Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.
- Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos.
- Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.
- Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.
- Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera.
- Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe.
- Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.
- Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.
- Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.
- Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.  
Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.
- Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.

- Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas
- Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.

### Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra.

- Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.
- Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.
- Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.
- Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen.
- Recoñece exemplares de vertebrados e asígnalos á clase á que pertencen.
- Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos.
- Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.
- Clasifica e identifica animais e plantas a partir de claves de identificación.
  - Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas.
- Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns.
- Identifica exemplares de plantas e animais propios dos ecosistemas galegos.

### Bloque 4. Os ecosistemas.

- Identifica os compoñentes dun ecosistema.
- Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.
- Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental.

### Bloque 5. Proxecto de investigación.

- Integra e aplica as destrezas propias do método científico.
- Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.
- Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
- Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.
- Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.
- Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.

## **AVALIACIÓN-SISTEMA DE CUALIFICACIÓN-BIOXEO-1º**

### **CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS**

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno de acordo coa seguinte ponderación:

**70%: Nota media dos exames.** Faranse como mínimo dúas probas escritas por avaliación. Cada proba escrita deberá ter unha nota mínima de 2 sobre 7 ou 3 sobre 10 para poder facer media. Nos exames cada falta de ortografía descontará 0'1 puntos sobre a nota total, cun límite máximo de medio punto. Unha mala presentación (ausencia de marxes, caligrafía ilexible, sucidade...) descontará ata un máximo de 0'5 puntos sobre a nota total da proba. En todo caso, ortografía e presentación en conxunto non poderán supoñer máis de 1 punto de penalización. A obtención de probas escritas ("chuletas") de que un alumno estaba a copiar durante un exame suporá a non corrección do mesmo e o suspenso na avaliación, que terá que ser recuperada posteriormente para superar o curso. Neste curso 2021-2022 no caso de que non haxa presencialidade no momento das probas, estas substituiranse por unha "proba escrita" da aula virtual.

**30%: Traballo diario e informes.** A profesora tomará nota da realización das actividades e tarefas diarias e da participación e interese do alumno día a día ou a distancia si é o caso.

É imprescindible entregar os informes-traballos obrigatorios no prazo establecido para aprobar a materia, de xeito que no caso de que cos outros apartados a nota acadara ou superara o 5, baixarase automaticamente a un 4 si non se teñen entregado os traballos en prazo. Neste curso 2021-2022 será obrigatorio subir os traballos que a profesora indique ao apartado correspondente da aula virtual en PDF ou no formato requirido, independentemente de que no momento da entrega haxa presencialidade ou non.

A profesora poderá propoñer na/s avaliación/s que considere tarefas voluntarias para subir nota, que poderá sumar ata un punto extra ou ben determinar que a excelencia nos proxectos presentados pode subir ese punto extra.

### **RECUPERACIÓNS**

Farase a recuperación do primeiro trimestre en xaneiro e a do segundo trimestre en abril mediante unha proba escrita que se valorará sobre 10. En caso de cuarentena ou confinamento realizarase a través da aula virtual. Será necesario obter un 5 para recuperar a

avaliación. Si os trimestres se suspenderon por non entregar os traballos pero a media dos exames superaba o 50% da nota dos mesmos poderase recuperar a avaliación entregando os informes atrasados sempre que teñan unha avaliación positiva.

Realizarase unha proba final de recuperación en xuño dividida en bloques por trimestres; será necesario obter como mínimo un 5 sobre 10 para recuperar a avaliación. En caso de cuarenta ou confinamento realizarase a través da aula virtual. Estas cualificacións de exames de recuperación son as que se empregarán a efectos de cálculo da avaliación final, sempre que sexan superiores á nota obtida na avaliación suspensa. En caso contrario non se terá en conta a nota da recuperación.

### **AVALIACIÓN FINAL**

A cualificación da avaliación final ordinaria será a media das tres avaliacións trimestrais antes de aplicar o redondeo e tendo en conta os resultados obtidos nas recuperacións (sempre que sexan superiores á nota obtida na avaliación suspensa).

A cualificación final expresarase redondeando a nota obtida, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é igual ou superior a 0'6 e ao anterior nos restantes casos (un 5'6 ou superior redondearase a un 6).

Poderase sumar un punto extra sobre a media en caso de que a progresión ao longo do curso sexa ascendente ou para valorar actitudes de esforzo e constancia ao longo do curso.

Poderase superar a materia cunha sola avaliación suspensa sempre que a nota media da mesma sexa 3 ou 4 e a media das tres avaliacións dea como resultado un mínimo de 5 puntos despois de facer o redondeo (mínimo 4'6 puntos de media).

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.**

Os alumnos que non superen a materia na avaliación final ordinaria terán un exame final no mes de xuño, que será cualificado de 0 a 10. O resultado redondearase de acordo co expresado anteriormente. En caso de cuarentena ou confinamento realizarase una "proba escrita" na aula virtual.

### **AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

Os alumnos de cursos posteriores coa materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de ESO pendente terán a posibilidade de facer tres exames parciais ao longo do curso para recuperar a materia en novembro, xaneiro e abril. Proporcionaráselles un **boletín con actividades** para preparar cada parcial, que terán que traer feito o día correspondente a cada exame parcial para poder facer o exame. En caso contrario perden o dereito a realizar os parciais e quedan emprazados á recuperación final de maio.



Cada exame parcial puntuaranse sobre 10 e será necesario obter como mínimo un 3 en cada parte para facer media. Superarán a materia aqueles alumnos que consigan como mínimo un 5 de media. Os alumnos que non traian o boletín feito ou obteñan menos dun 3 ou non se presenten ao primeiro parcial perderán o dereito a facer os seguintes. O mesmo sucederá en caso de non presentar o boletín, sacar menos dun 3 ou non presentarse no segundo parcial. Nestes casos quedarán emprazados á realización do exame final en maio.

En maio fixarase a data para o exame final correspondente á convocatoria extraordinaria, que terán que realizar aqueles alumnos que non superaran a materia polo procedemento anterior. Puntuarase sobre 10 e recuperarán aqueles que obteñan como mínimo un 5.

Para todas as probas, en caso de cuarentena ou confinamento, darase a opción de realizar unha “proba escrita” a través da aula virtual.

Os alumnos con adaptación curricular significativa terán que presentar un traballo por trimestre para recuperar a materia.

## BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º E.S.O.

### TEMPORALIZACIÓN-BIOXEO-3º

Os contidos relacionados co Bloque 1 (Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía Científica) e o Bloque 6 (Proxecto de investigación) traballaranse ao longo do curso en diversas unidades didácticas.

Os contidos relacionados cos Bloques 2 (A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos), 3 (As persoas e a saúde. Promoción da saúde), 4 (O relevo terrestre e a súa evolución) e 5 (O solo como ecosistema), estrutúranse en torno ás seguintes unidades didácticas:

#### 1ª Avaliación:

1. A organización do corpo humano.
2. A saúde e o sistema inmunitario.
3. Alimentación e saúde.

#### 2ª Avaliación:

4. A nutrición: aparatos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
5. A relación: os sentidos, o sistema nervioso, o sistema endócrino e o aparato locomotor.

#### 3ª Avaliación:

6. Reprodución humana e sexualidade.
7. O relevo e os procesos xeolóxicos externos. A modelaxe do relevo. A dinámica interna da Terra.

## MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA-BIOXEO-3º

### BLOQUE 1 Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica.

- Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.
- Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.
- Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.

### Bloque 2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos.

- Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas.
- Establece comparativamente as analogías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.
- Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.
- Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas.

### Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde.

- Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.
- Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes.
- Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función.
- Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promoverla individual e colectivamente.
- Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaas coas súas causas.
- Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.
- Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas.
- Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns.
- Establece diferenzas entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado, e deseña propostas de actuación.
- Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.
- Detalla a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.
- Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control.
- Identifica as consecuencias de seguir condutas de risco coas drogas, para o individuo e a sociedade.
- Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.
- Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.
- Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico.
- Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.
- Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.
- Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.
- Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.
- Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaas coas súas causas.
- Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación.
- Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso.
- Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se

atopan.

- Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.
- Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.
- Recoñece algún proceso que teña lugar na vida cotiá no que se evidencie claramente a integración neuroendócrina.
- Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.
- Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.
- Identifica os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparello locomotor e relaciónaos coas lesións que producen.
- Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.
- Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.
- Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto
- Discrimina os métodos de anticoncepción humana.
- Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.
- Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.
- Actúa, decide e defende responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno.

#### Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución.

- Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e inflúen neles.
- Relaciona a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica.
- Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo.
- Analiza a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais, e recoñece algún dos seus efectos no relevo.
- Valora e analiza a importancia das augas subterráneas e os riscos da súa sobreexplotación.
- Relaciona os movementos da auga do mar coa erosión, o transporte e a sedimentación no litoral, e identifica algunhas formas resultantes características.
- Asocia a actividade eólica cos ambientes en que esta actividade xeolóxica pode ser relevante.
- Analiza a dinámica glacial e identifica os seus efectos sobre o relevo.
- Investiga acerca da paisaxe do seu contorno máis próximo e identifica algúns dos factores que condicionaron a súa modelaxe.
- Identifica a intervención de seres vivos en procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación.
- Valora e describe a importancia das actividades humanas na transformación da superficie terrestre.

- Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo.
- Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran.
- Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina, e asóciaos co seu grao de perigo.
- Xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude.
- Valora e describe o risco sísmico e, de ser o caso, volcánico existente na zona en que habita, e coñece as medidas de prevención que debe adoptar.

#### Bloque 5. O solo como ecosistema.

- Recoñece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións.
- Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.

#### Bloque 6. Proxecto de investigación.

- Integra e aplica as destrezas propias do método científico.
- Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.
- Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
- Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.
- Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.
- Expressa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.

### **AVALIACIÓN-SISTEMA DE CUALIFICACIÓN-BIOXEO-3º**

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno de acordo coa seguinte ponderación:

**70%: Nota media dos exames.** Faranse como mínimo dúas probas escritas por avaliación. Cada proba escrita deberá ter unha nota mínima de 2 sobre 7 ou 3 sobre 10 para poder facer media. Nos exames cada falta de ortografía descontará 0'1 puntos sobre a nota total, cun límite máximo de medio punto. Unha mala presentación (ausencia de marxes, caligrafía ilexible, sucidade...) descontará ata un máximo de 0'5 puntos sobre a nota total da proba. En todo caso, ortografía e presentación en conxunto non poderán supoñer máis de 1 punto de penalización. A obtención de probas escritas ("chuletas") de que un alumno estaba a copiar durante un exame suporá a non corrección do mesmo e o suspenso na avaliación, que terá que ser recuperada posteriormente para superar o curso. Neste curso 2021-2022 no caso de que non

haxa presencialidade no momento das probas, estas substituiranse por unha “proba escrita” da aula virtual.

**30%: Traballo diario e informes.** A profesora tomará nota da realización das actividades e tarefas diarias e da participación e interese do alumno día a día ou a distancia si é o caso.

É imprescindible entregar os informes-traballos obrigatorios no prazo establecido para aprobar a materia, de xeito que no caso de que cos outros apartados a nota acadara ou superara o 5, baixarase automaticamente a un 4 si non se teñen entregado os traballos en prazo. Neste curso 2021-2022 será obrigatorio subir os traballos que a profesora indique ao apartado correspondente da aula virtual en PDF ou no formato requirido, independentemente de que no momento da entrega haxa presencialidade ou non.

A profesora poderá propoñer na/s avaliación/s que considere tarefas voluntarias para subir nota, que poderá sumar ata un punto extra ou ben determinar que a excelencia nos proxectos presentados pode subir ese punto extra.

## **RECUPERACIÓNS**

Farase a recuperación do primeiro trimestre en xaneiro e a do segundo trimestre en abril mediante unha proba escrita que se valorará sobre 10. En caso de cuarentena ou confinamento realizarase a través da aula virtual. Será necesario obter un 5 para recuperar a avaliación. Si os trimestres se suspenderon por non entregar os traballos pero a media dos exames superaba o 50% da nota dos mesmos poderase recuperar a avaliación entregando os informes atrasados sempre que teñan unha avaliación positiva.

Realizarase unha proba final de recuperación dividida en bloques por trimestres, será necesario obter como mínimo un 5 sobre 10 para recuperar a avaliación. En caso de cuarenta ou confinamento realizarase a través da aula virtual. Estas cualificacións de exames de recuperación son as que se empregarán a efectos de cálculo da avaliación final, sempre que sexan superiores á nota obtida na avaliación suspensa. En caso contrario non se terá en conta a nota da recuperación.

## **AVALIACIÓN FINAL**

A cualificación da avaliación final ordinaria será a media das tres avaliacións trimestrais antes de aplicar o redondeo e tendo en conta os resultados obtidos nas recuperacións (sempre que sexan superiores á nota obtida na avaliación suspensa).

A cualificación final expresarase redondeando a nota obtida, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é igual ou superior a 0'6 e ao anterior nos restantes casos (un 4'6 ou superior redondearase a un 5).

Poderase sumar un punto extra sobre a media en caso de que a progresión ao longo do curso sexa ascendente ou para valorar actitudes de esforzo e constancia ao longo do curso.

Poderase superar a materia cunha sola avaliación suspensa sempre que a nota media da mesma sexa 3 ou 4 e a media das tres avaliacións dea como resultado un mínimo de 5 puntos despois de facer o redondeo (mínimo 4'6 puntos de media).

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Os alumnos que non superen a materia na avaliación final ordinaria terán un exame a finais de xuño, que será cualificado de 0 a 10. O resultado redondearase de acordo co expresado anteriormente. En caso de cuarenta ou confinamento realizarase a través da aula virtual.

### **AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES-BIOXEO-3º**

Os alumnos de 4º de ESO coa materia de Bioloxía e Xeoloxía de 3º de ESO pendente terán a posibilidade de facer tres exames parciais ao longo do curso para recuperar a materia en novembro, xaneiro e abril. Proporcionaráselles un **boletín con actividades** para preparar cada parcial, que terán que traer feito o día correspondente a cada exame parcial para poder facer o exame. En caso contrario perden o dereito a realizar os parciais e quedan emprazados á recuperación final de maio.

Cada exame parcial puntuaranse sobre 10 e será necesario obter como mínimo un 3 en cada parte para facer media. Superarán a materia aqueles alumnos que consigan como mínimo un 5 de media. Os alumnos que non traian o boletín feito ou obteñan menos dun 3 ou non se presenten ao primeiro parcial perderán o dereito a facer os seguintes. O mesmo sucederá en caso de non presentar o boletín, sacar menos dun 3 ou non presentarse nos seguintes parciais. Nestes casos quedarán emprazados á realización do exame final en maio.

En maio fixarase a data para o exame final correspondente á convocatoria extraordinaria, que terán que realizar aqueles alumnos que non superaran a materia polo procedemento anterior. Puntuarase sobre 10 e recuperarán aqueles que obteñan como mínimo un 5.

Para todas as probas, en caso de cuarentena ou confinamento, darase a opción de realizar unha "proba escrita" a través da aula virtual.

## BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º E.S.O.

### TEMPORALIZACIÓN-BIOXEO-4º

Os contidos relacionados co Bloque 4 (Proxecto de investigación) traballaranse ao longo do curso en diversas unidades didácticas.

Os contidos relacionados cos Bloques 1 (A evolución da vida), Bloque 2 (A dinámica da Terra) e Bloque 3 (Ecoloxía e medio ambiente) estrutúranse en torno ás seguintes unidades didácticas:

#### 1ª Avaliación:

1. Estrutura e dinámica da Terra.
2. Tectónica e relevo.
3. Historia da Terra.
4. Estrutura e dinámica dos ecosistemas.

#### 2ª Avaliación:

5. A actividade humana e o medio ambiente.
6. A organización celular dos seres vivos.
7. Herdanza e xenética.

#### 3ª Avaliación:

8. Información e manipulación xenética.
9. A orixe e a evolución da vida.

### MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA-BIOXEO-4º

#### Bloque 1. A evolución da vida.

- Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.
- Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.
- Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.
- Recoñece as partes dun cromosoma utilizándoo para construír un cariotipo.
- Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.
- Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.
- Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.
- Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.
- Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.
- Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.
- Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.



- Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.
- Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.
- Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.
- Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.
- Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía.
- Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.
- Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.
- Interpreta árbores filoxenéticas.
- Recoñece e describe as fases da hominización.

## Bloque 2. A dinámica da Terra.

- Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.
- Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica.
- Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era.
- Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.
- Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos..
- Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.
- Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.
- Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.
- Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.
- Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.
- Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo.
- Identifica as causas dos principais relevos terrestres.
- Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.
- Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna.

### Bloque 3. Ecoloxía e medio ambiente.

- Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes.
- Analiza as relacións entre biótomo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema.
- Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co factor ou os factores ambientais desencadeantes deste.
- Recoñece os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, e valora a súa importancia na conservación deste.
- Recoñece e describe relacións e a súa influencia na regulación dos ecosistemas, interpretando casos prácticos en contextos reais.
- Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.
- Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, e valora criticamente a súa importancia.
- Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.
- Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.
- Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.
- Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.
- Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.

Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.

### Bloque 4. Proxecto de investigación.

Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.

Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.

Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.

Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.

Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula.

Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto

verbalmente como por escrito.

## **AVALIACIÓN-SISTEMA DE CUALIFICACIÓN-BIOXEO-4º**

### **SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

#### **CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS**

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno de acordo coa seguinte ponderación:

**70%: Nota media dos exames.** Faranse como mínimo dúas probas escritas por avaliación. Cada proba escrita deberá ter unha nota mínima de 2 sobre 7 ou 3 sobre 10 para poder facer media. Nos exames cada falta de ortografía descontará 0'1 puntos sobre a nota total, cun límite máximo de medio punto. Unha mala presentación (ausencia de marxes, caligrafía ilexible, sucidade...) descontará ata un máximo de 0'5 puntos sobre a nota total da proba. En todo caso, ortografía e presentación en conxunto non poderán supoñer máis de 1 punto de penalización. A obtención de probas escritas ("chuletas") de que un alumno estaba a copiar durante un exame suporá a non corrección do mesmo e o suspenso na avaliación, que terá que ser recuperada posteriormente para superar o curso. Neste curso 2021-2022 no caso de que non haxa presencialidade no momento das probas, estas substituiranse por unha "proba escrita" da aula virtual.

**30%: Traballo diario e informes.** A profesora tomará nota da realización das actividades e tarefas diarias e da participación e interese do alumno día a día ou a distancia si é o caso.

É imprescindible entregar os informes-traballos obrigatorios no prazo establecido para aprobar a materia, de xeito que no caso de que cos outros apartados a nota acadara ou superara o 5, baixarase automaticamente a un 4 si non se teñen entregado os traballos en prazo. Neste curso 2021-2022 será obrigatorio subir os traballos que a profesora indique ao apartado correspondente da aula virtual en PDF ou no formato requirido, independentemente de que no momento da entrega haxa presencialidade ou non.

A profesora poderá propoñer na/s avaliación/s que considere tarefas voluntarias para subir nota, que poderá sumar ata un punto extra ou ben determinar que a excelencia nos proxectos presentados pode subir ese punto extra.

## **RECUPERACIÓNS**

Farase a recuperación do primeiro trimestre en xaneiro e a do segundo trimestre en abril mediante unha proba escrita que se valorará sobre 10. En caso de cuarentena ou confinamento realizarase a través da aula virtual. Será necesario obter un 5 para recuperar a avaliación. Si os trimestres se suspenderon por non entregar os traballos pero a media dos exames superaba o 50% da nota dos mesmos poderase recuperar a avaliación entregando os informes atrasados sempre que teñan unha avaliación positiva.

Realizarase unha proba final de recuperación en xuño dividida en bloques por trimestres; será necesario obter como mínimo un 5 sobre 10 para recuperar a avaliación. En caso de cuarentena ou confinamento realizarase a través da aula virtual. Estas cualificacións de exames de recuperación son as que se empregarán a efectos de cálculo da avaliación final, sempre que sexan superiores á nota obtida na avaliación suspensa. En caso contrario non se terá en conta a nota da recuperación.

## **AVALIACIÓN FINAL**

A cualificación da avaliación final ordinaria será a media das tres avaliacións trimestrais antes de aplicar o redondeo e tendo en conta os resultados obtidos nas recuperacións (sempre que sexan superiores á nota obtida na avaliación suspensa).

A cualificación final expresarase redondeando a media de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é igual ou superior a 0'6 e ao anterior nos restantes casos (así, un 5'6 será un 6 no boletín).

Poderase sumar un punto extra sobre a media en caso de que a progresión ao longo do curso sexa ascendente ou para valorar actitudes de esforzo e constancia ao longo do curso.

Poderase superar a materia cunha sola avaliación suspensa sempre que a nota media da mesma sexa 3 ou 4 e a media das tres avaliacións dea como resultado un mínimo de 5 puntos despois de facer o redondeo (mínimo 4'6 puntos de media).

## **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Os alumnos que non superen a materia na avaliación final ordinaria terán un exame a finais de xuño segundo o calendario e horario fixado polo Centro, que será cualificado de 0 a 10. O resultado redondearase de acordo co expresado anteriormente. En caso de cuarentena ou confinamento realizarase una "proba escrita" na aula virtual.

### **AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

O sistema de recuperación de Bioloxía e Xeoloxía de 1º e 3º de ESO para os alumnos de 4º de ESO está detallado na programación de ditos cursos.

## PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES 1º E.S.O

### TEMPORALIZACIÓN-PEVS-1º:

Bloque 1: Actividade física e saúde. 14 sesións.

Bloque 2. Alimentación para a saúde. 21 sesións.

### MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA-PEVS-1º:

#### Bloque 1: Actividade física e saúde.

- Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade física, así como os efectos adversos da inactividade.
- Identifica os principais parámetros de saúde axeitados para a súa idade, e relaciona a actividade física idónea para a súa mellora.
- Coñece e avalía a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria, a tensión arterial, etc., aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.
- Elabora, analiza e avalía un diario da súa actividade física desenvolvida durante un período de tempo acordado.
- Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo.
- Localiza e utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable.
- Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, vigorexia, dopaxe, etc.).
- Deseña, utiliza e difunde un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno e/ou a súa localidade.
- Deseña, utiliza e difunde unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá.
- Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.).

#### Bloque 2. Alimentación para a saúde.

- Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc.
- Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios.
- Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.
- Coñece as recomendacións de inxestión alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria.

- Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.).
- Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado.
- Deseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolvela durante un período de tempo acordado.
- Elaboro unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria.
- Interpreta correctamente e de xeito básico a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde.

## **AVALIACIÓN-SISTEMA DE CUALIFICACIÓN-PEVS-1º**

### **SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

#### **CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS**

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno de acordo coa seguinte ponderación:

80%: informes e presentacións dos pequenos traballos de investigación.

20%: traballo diario, esforzo e actitude cara á materia. A profesora tomará nota da realización das actividades, a participación e interese do alumno.

#### **AVALIACIÓN FINAL**

A cualificación da avaliación final ordinaria será a media das tres avaliacións trimestrais.

Poderase superar a materia cunha sola avaliación suspensa sempre que a nota media da mesma sexa 3 ou 4 e a media das tres avaliacións dea como resultado un mínimo de 5 puntos despois de facer o redondeo.

#### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Os alumnos que non superen a materia na avaliación final ordinaria terán que entregar ben os traballos non presentados ao longo do curso e os avaliados negativamente, ben un traballo de investigación final do que se lle darán instrucións claras, segundo determine a profesora para cada caso.

## PAISAXE E SUSTENTABILIDADE 2º E.S.O.

### TEMPORALIZACIÓN-PeS-2º

	Estándares	
1ª Avaliación	PSB1.2.1 (fisionomía paisaxe) PSB1.3.1, PSB1.3.2 (dinámicas paisaxe) PSB1.4.1, PSB1.4.2 (ecoloxía paisaxe)	PSB1.1.1, PSB1.1.2 (percepción paisaxe) PSB3.1.1 (valores paisaxe próxima) PSB2.2.1, PSB2.3.1 (evolución-historia paisaxe)
2ª Avaliación	PSB2.1.1 (paisaxe como produto social) PSB3.3.1 (valor patrimonial da paisaxe)	PSB3.2.1 (espazos naturais próximos) PSB3.4.1 (topónimos) PSB3.5.1 (actividades turísticas)
3ª Avaliación	PSB1.5.1, PSB1.5.2, PSB1.5.3 (tipoloxías paisaxe)	PSB2.4.1 (conflitos e impactos paisaxísticos) PSB4.2.1 (resolución impactos) PSB4.1.1 e PSB4.1.2 (deseño de itinerario)

### MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA-PeS-2º

#### Bloque 1. As lecturas da paisaxe. As súas dimensións e tipoloxías.

Elabora bosquexos e debuxos sinxelos a partir da observación nunha saída polo contorno.

Expresa por escrito as sensacións experimentadas e o seu aprecio estético

Describe as propiedades visuais (formas, cores, texturas e volumes) que caracterizan os principais obxectos dunha escena paisaxística, tendo en conta a escala.

Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa as xeofomas, a rede hidrográfica e as formacións vexetais recoñecibles nunha paisaxe.

Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa, segundo a paisaxe en que viva, o parcelario agrario, os tipos de asentamentos e a rede de mobilidade.

Localiza nun mapa da súa zona de estudo as principais manchas-unidades presentes, caracterízalas e explica de xeito sinxelo a súa funcionalidade ecolóxica.

Identifica e caracteriza de xeito sinxelo os elementos naturais da paisaxe que cumpren a función de conectividade.



Elabora bosquexos e debuxos sinxelos a partir da observación nunha saída polo contorno.

Expresa por escrito as sensacións experimentadas e o seu aprecio estético

Identifica a paisaxe natural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións

Identifica a paisaxe agraria e rural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións.

Identifica a paisaxe urbana e periurbana, os seus elementos formais e as súas funcións.

### Bloque 2. A paisaxe como produto social. Dinámicas e cambios nas paisaxes. A súa evolución.

Describe de xeito básico algunha das relacións causais entre os elementos construídos, as formas de explotación ou de asentamento, e as condicións impostas polo medio.

Recoñece e valora os cambios a diversas escalas espazo-temporais nas paisaxes do seu contorno.

Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.

Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos.

### Bloque 3. O carácter das paisaxes. Os seus valores tanxibles e intanxibles.

Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.

Sitúa nun mapa, caracteriza de xeito básico e valora a importancia dos espazos naturais próximos ao seu contorno.

Identifica e localiza nun mapa fitos, lugares de referencia ou conmemorativos nas paisaxes actuais que son herdanza do pasado.

Realiza unha pequena investigación e localiza nun mapa da súa paisaxe próxima topónimos

Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.

Sitúa nun mapa, caracteriza de xeito básico e valora a importancia dos espazos naturais próximos ao seu contorno.

ligados a feitos xeográficos ou ás actividades tradicionais, entre outras.

Realiza unha pequena investigación sobre a importancia económica das actividades turísticas baseadas nas paisaxes galegas.

#### Bloque 4. Paisaxe e calidade de vida. Un dereito da cidadanía.

Cofece e valora as posibilidades que ofrece unha paisaxe de calidade para o benestar.

Deseña un itinerario sinxelo na súa paisaxe que percorre espazos propicios para o desenvolvemento de actividades físicas e de lecer.

Realiza unha pequena investigación e suxire algunha actuación que mellore ou resolva algún impacto na súa paisaxe máis próxima.

Argumenta nun debate o seu punto de vista respecto a cuestións relacionadas coa calidade e a conservación da súa paisaxe cotiá.

## **AVALIACIÓN-SISTEMA DE CUALIFICACIÓN-PeS-2º**

### **SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

#### **CUALIFICACIÓN TRIMESTRAIS**

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno de acordo coa seguinte ponderación:

80%: informes e presentacións dos pequenos traballos de investigación. É imprescindible entregar todos os traballos para superar a avaliación.

20%: traballo diario, esforzo e actitude cara á materia.

#### **AVALIACIÓN FINAL**

A cualificación da avaliación final ordinaria será a media das tres avaliacións trimestrais.

Poderase superar a materia cunha sola avaliación suspensa sempre que a nota media da mesma sexa 3 ou 4 e a media das tres avaliacións dea como resultado un mínimo de 5 puntos despois de facer o redondeo.

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.**

Os alumnos que non superen a materia na avaliación final ordinaria terán que entregar ben os traballos non presentados ao longo do curso e os avaliados negativamente, ben un traballo de investigación final do que se lle darán instrucións claras, segundo determine a profesora para cada caso.